



Memoria económica e de transparencia do Convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Monterrei para o proxecto senlleiro de humanización da fonte da praza Vilanova de Estevesiños, dentro da categoría de "promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".

Expediente: CNV23_22

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións





interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Axencia, entre outras funcións:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais
- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectossenlleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadosenlleiros.pdf). A regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de





dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concorrencia pública da actuación proposta .

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o concellos son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

- Interese público e social: O 27 de setembro de 2023 o Concello de Monterrei presentou unha solicitude de colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría de "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca". Xunto coa solicitude achegou unha memoria técnica valorada que para a humanización da fonte da praza Vilanova de Estevesiños.

Trátase dunha intervención que procura a mellora da infraestrutura existente no territorio, para fortalecer o desenvolvemento do rural galego, mellorar a relación social dos veciños e evitar o seu despoboamento contribuíndo ademais á cohesión da vida social no medio rural.

Ademais esta intervención atópase no trazado do Camiño de Santiago, un lugar con un mercado significado social e cultural para a comarca na que se sitúa, polo que a finalidade da intervención tamén está relacionada co destino da mesma a un uso público compatible cos seus elementos característicos, neste caso, a fonte e a súa contorna inmediata.

- Singularidade e excepcionalidade: neste caso, a singularidade e excepcionalidade das actuacións que propón o Concello de Monterrei reside na conservación da fonte tradicional existente na Praza Vilanova de Estevesiños. A finalidade das actuacións propostas están destinadas á humanización mediante obras de conservación desta fonte tradicional para o seu mantemento, mellora e posta en valor da mesma así





coma da súa contorna inmediata coa finalidade, desde o punto de vista dos proxectos senlleiros, de recuperar un elemento etnográfico da arquitectura tradicional e popular galega.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, e dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca. Neste caso o proxecto presentado polo Concello de Monterrei para a humanización da fonte da praza Vilanova de Estevesiños, será destinada a un uso público da veciñanza nun reforzo de fortalecer o desenvolvemento do rural galego, un lugar de encontro e relación social dos veciños.

Ademais, debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través de convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

Polo tanto, a subvención directa decídese en base a criterios obxectivos que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros en canto as posibles entidades beneficiarias das axudas, os concellos, como ás actividades a subvencionar. En concreto, na regra 3.-Categorías de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías que se sinalan. O proxecto que nos propón o concello encádrase na seguinte categoría e características:

C) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca:

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- a. Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, por teren un mercado significado social, cultural ou educativo para a comarca na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características.
- b. (...)
- c. Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.





TERCEIRO.- Financiación

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Monterrei queren levar a cabo un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15.12.2023 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires de 01 de xaneiro de 2023.

- PROXECTO Humanización da fonte da praza Vilanova de Estevesiños dentro da categoría "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".
- ORZAMENTO: Trinta e seis mil euros con un céntimo (36.300,01 €), para a anualidade 2023.
- Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 -Código proxecto 2017 00003 dos orzamentos da Axencia para o ano 2023 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".
- Plan Estratéxico de Galicia:

Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030		
Proxecto 2017 00003		
Eixo	E3	Competitividade e crecemento
Prioridade de actuación	PA05	Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.
Obxectivo estratéxico:	E06	Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego.
Obxectivo operativo	OI01	Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento)

Tipo de indicador	Indicador	Valor inicial	Valor final	Unidade	Data Vixencia
5-PEG	INFAN1- Porcentaxe de gasto de infancia e adolescencia	14,33	14,33	%	10.12.2021





Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".		TOTAL
Importe	2023	36.300,01 €
	36.300,01 €	

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% rematará o 30.11.2023 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2023.

Orzamento xeral e desglose actuacións por anualidades

- Orzamento xeral

CAPÍTULO	ACTIVIDADE	PORCENTAXE	ORZAMENTO
01	Actuación previas e demolicións	44,11	10.363,26 €
02	Pavimentos e cantería	47,49	11.971,25 €
03	Mobiliario	1,52	382,15 €
04	Instalacións	3,77	949,22 €
17	Xestión de residuos	3,34	842,55 €
18	Seguridade e saúde	2,78	701,66 €
Orzamento de execución material			25.210,09 €
13,00 % Gastos xerais			3.277,31 €
6,00 % Beneficio industrial			1.512,61 €
21% I.V.E			6.300,00 €
Total orzamento contrata			36.300,01 €





- Desglose actuacións de rehabilitación

1.- Capítulo 01- ACTUACIONES PREVIAS E DEMOLICIONES

- Desbroce e limpeza a man
 - Cantidade.....119,00
 - Prezo.....5,85 €
 - Importe.....696,15 €
- Limpeza en seco de fachada de fábrica de cantería
 - Cantidade.....40,70
 - Prezo.....14,28 €
 - Importe.....581,20 €
- Eliminación rexuntado en fachada de fábrica de cantería
 - Cantidade.....39,00
 - Prezo.....39,06 €
 - Importe.....1.523,34 €
- Recheo xuntas en muros manpostería c/mortero de cal
 - Cantidade.....39,00
 - Prezo.....33,80 €
 - Importe.....1.318,20 €
- Demolición soleiras H.M <25 cm c/compresor
 - Cantidade.....72,75
 - Prezo.....33,43 €
 - Importe.....2.432,03 €
- Levantado adoquinado
 - Cantidade.....12,42
 - Prezo.....52,67 €
 - Importe.....654,16 €
- Escavación gabiá a máquina terreos disgregados c/transp >20 km
 - Cantidade.....4,08
 - Prezo.....26,50 €
 - Importe.....108,12 €
- Reconstrución muros sillería/cachotería
 - Cantidade.....6,16
 - Prezo.....495,14 €





- Importe.....3.050,06 €

2.- Capítulo 02- PAVIMENTOS E CANTERÍA

- Compactación a máquina c/pisón de chan
 - Cantidad.....67,47
 - Prezo.....5,17 €
 - Importe.....348,82 €

- Soleira formigón armado HA-25/P/20/Ila e=15cm
#15x15x6+Encachado
 - Cantidad..... 67,47
 - Prezo.....30,21 €
 - Importe.....2.038,27 €

- Recrecido 5 cm Morteiro CT-C5
 - Cantidad..... . 67,47
 - Prezo.....14,59 €
 - Importe.....984,39 €

- Sol.granito moreno 50x30x5cm abujardado
 - Cantidad..... . 24,47
 - Prezo.....101,31 €
 - Importe.....2.529,71 €

- Bordo granito moreno abujardado 12x25 cm
 - Cantidad..... . 37,00
 - Prezo.....49,55 €
 - Importe.....1.833,35 €

- Bordo granito abujardado 9x20 cm
 - Cantidad..... 12,04
 - Prezo.....30,53 €
 - Importe.....367,58 €

- Pavimento adoquín granito moreno 10x10x10 cm
 - Cantidad..... . 30,08
 - Prezo.....61,66 €
 - Importe.....1.854,73 €

- Recolocación banzo granito recuperación 10x10x10 cm
 - Cantidad..... 12,42





- Prezo.....21,46 €
- Importe.....266,53 €

- Banzo granito apiconado do país
 - Cantidad..... 4,27
 - Prezo.....138,33 €
 - Importe.....590,67 €

- Recolocación pavimento c/laxas granito
 - Cantidad..... 6,25
 - Prezo.....161,02 €
 - Importe.....1.006,38 €

- Enxerto de granito
 - Cantidad..... 1,00
 - Prezo.....150,82 €
 - Importe..... 150,82 €

3.- Capítulo 03- MOBILIARIO

- Protección madeira pino tratado
 - Cantidad..... 4,00
 - Prezo.....37,03 €
 - Importe..... 148,12 €

- Banco de pedra macizo moreno abujardado
 - Cantidad..... 1,00
 - Prezo.....234,03 €
 - Importe..... 234,03 €

4.- Capítulo 04- INSTALACIÓNS

- Axudas albanelería
 - Cantidad..... 1,00
 - Prezo.....520,07 €
 - Importe..... 520,07 €

- Arqueta prefabricada de formigón, 40x40x50 cm tapa rellenable
 - Cantidad..... 1,00
 - Prezo.....143,33 €
 - Importe..... 143,33 €





- Arqueta prefabricada pp rexistro 35x35x60 cm s/fondo
 - Cantidad.....2,00
 - Prezo.....95,78 €
 - Importe..... 191,56 €

- Tubo dobre parede normal d=75mm ent. terra
 - Cantidad.....30,00
 - Prezo.....2,50 €
 - Importe..... 75,00 €

- Tubaxe polietileno pe ad 32 mm
 - Cantidad.....3,00
 - Prezo.....6,42 €
 - Importe..... 19,26 €

5.- Capítulo 05- XESTIÓN DE RESIDUOS

- Cantidad.....1,00
- Prezo.....842,55 €
- Importe.....842,55 €

6.- Capítulo 06- SEGURIDADE E SAÚDE

- Cantidad.....1,00
- Prezo.....701,66 €
- Importe.....701,66 €

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:

-Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.

-Informe da Intervención delegada da Consellería do Medio Rural.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.





Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Agader para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Agader, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Agader en virtude do apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección
P.D. (Acordo do 11.07.2013)
A directora xeral
Inés Santé Riveira

